



# **SEX INVADERS**

## **E OS PRESERVATIVOS DEFENSIVOS**

XUNTA DE GALICIA

# INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL (ITS)



## VIH E SIDA

**Que é o VIH e a sida?** O VIH é o virus de inmunodeficiencia humana e pódese transmitir de persoa a persoa. A infección polo VIH aínda non ten tratamento curativo nin vacina preventiva. Os novos tratamentos melloraron dun xeito importante a calidade e esperanza de vida das persoas infectadas. A sida (síndrome de inmunodeficiencia adquirida) é o estadio máis avanzado da infección polo VIH. Acontece cando o virus destrúe dun xeito importante determinadas células defensivas do noso corpo.

### Como se transmite o VIH?

1. Vía sexual: polo contacto de mucosas con fluídos sexuais. Estes fluídos son o seme, líquido preseminal e as secrecións vaxinais. As prácticas sexuais de maior a menor risco para transmitir o VIH son o sexo anal, vaxinal e oral. O risco aumenta se hai exacuación no interior do recto, vaxina ou boca.
2. Vía sanguínea: compartir material de inxección de drogas ou calquera outro obxecto cortante ou punzante (agullas) cunha persoa infectada.
3. Vía vertical: da nai ao fillo durante o embarazo, parto ou lactación.

### Como se pode previr a transmisión do VIH?

1. Empregando sempre o preservativo nas relacións sexuais.
2. Non compartindo materiais de inxección de drogas ou materiais punzo-cortantes.
3. Dando un tratamento con fármacos específicos á embarazada VIH positiva.

## VPH

### VIRUS DO PAPILOMA HUMANO

Existen varios tipos de VPH e algúns deles poden producir cancro como o de colo uterino, pene, ano ou orofarínxeo. En Galicia vacínanse do VPH as nenas de 12 anos para reducir a aparición de futuros casos de cancro de colo uterino. Outros tipos de VPH producen unhas verrugas moi contaxiosas chamadas condilomas acuminadas que, aínda que non son cancerixenas, poden orixinar molestias importantes.





## CLAMIDIA

A maioría das infeccións por clamidia non dan síntomas pero poden producir importantes efectos negativos para a saúde como a enfermidade inflamatoria pélvica ou a esterilidade na muller.

## GONORREA

Os seus principais síntomas son as secrecións purulentas uroxenitais e dor ou escozor ao orixinar. Para curala hai que tomar un tratamento antibiótico concreto, a automedicación non cura a infección e favorece o crecemento de gonococos resistentes ao tratamento.



## TRICOMONAS



É a ITS máis frecuente. Nos homes adoita ser asintomática pero nas mulleres produce mal olor e alteracións do fluxo vaxinal.

## SÍFILIS

Na primeira fase da infección aparecen úlceras indoloras de bordos duros. Se non se tratan, estas lesións semellan curar nun mes pero realmente a enfermidade pasa a etapas máis graves con lesións irreversibles en órganos internos.



## VIRUS HERPES SIMPLE VHS


Este virus produce vesículas dolorosas que se ulceran e son moi infecciosas. Hai dous tipos de VHS, o tipo 2 que é o máis frecuente na zona xenital, e o tipo 1 que produce unhas lesións nos beizos tamén chamadas "quenturas". Este virus pode transmitirse á zona xenital polo sexo oral ou polo contacto dos dedos despois coa zona xenital. Non se deben manter relacións sexuais cando se teñen lesións por herpes nos xenitais; nin sexo oral cando se teñen estas lesións nos beizos.



# INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL (ITS)

## Son un problema as ITS?

Nos últimos anos, as ITS como a sífilis e a gonococia están a aumentar porque tamén aumentaron as prácticas sexuais sen preservativo. O VIH, unha das ITS máis importantes, segue a ser a día de hoxe un grave problema de saúde pública.



## Que outros factores incrementan o risco de transmisión das ITS?

Entre outros atópanse a falta de información, o consumo de alcohol e outras drogas, as relacións sexuais sen preservativo con parellas esporádicas ou o machismo e os roles de xénero.

## Que signos e síntomas producen?

Ás veces, determinadas ITS non producen signos nin síntomas (clamidia, tricomonas, etc.) pero, se os producen, adoitan ser característicos de cada ITS. Non obstante, en liñas xerais, as ITS poden producir alteracións do fluxo vaginal, das secrecións xenitais e uretrais, úlceras, verrugas, dor, escozor, prído, etc.

## Onde podo obter información sobre o VIH e outras ITS?

A través da páxina web do Servizo Galego de Saúde:

<http://www.sergas.es/Saude-publica/VIH-e-outras-ITS>

ou da páxina de Facebook Sex Invaders. Nesta última tamén podes preguntar calquera dúbida confidencialmente: <https://www.facebook.com/sexinvaders/>.

